



A poeta morracense **Lucía Novas** naceu en 1979 en Bueu. Licenciouse en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, e hoxe exerce como docente de Lingua e Literatura Galegas no ensino secundario.

Deuse a coñecer como poeta a través de galardóns iniciáticos coma o Minerva, o da Universidade de Vigo ou o Faustino Rey Romero. Ademais, é autora de tres libros de poesía: debutou con *Epiderme de estío* no ano 2001, publicado por Espiral Maior grazas ao Premio de Poesía Concello de Carral. Seguiulle *Neve* (2010), merecedor do Premio de Poesía Johán Carballera. Mais a madurez poética e a consagración definitiva chegarán da man do seu terceiro poemario, *Cervatos* (Kalandraka, 2017), avalado por un amplo consenso crítico.

Alén diso, poemas da súa autoría aparecen recollidos en antoloxías como *Novas de poesía. 17 poetas*, *Poetízate. Antoloxía da poesía galega*, *Das sonoras cordas. 20 poetas dende Galicia* e *Erato bajo la piel del deseo*, así como en diversos volumes colectivos e publicacións periódicas, entre as últimas *Grial*, *Dorna*, *PolpA*, *Casa da Gramática* ou *Escrita Contemporánea*. Entreviui como relatora na Universidade de Salamanca, nas xornadas de Poesía Última da Fundación Alberti e no V Encontro de Novos/as Escritores/as da AELG.

**CAPRICHIO.** *This time. Desta vez. Devorar o teu corpo. Automóbil. Insectos rosas. Twice. Only twice. Beixos de marmelada. Kiss Me. Caribe. Termo. Edredón de flores. Aves. Bananas. Azul. Bicicleta. Chaqueta de angora. By your side. Amarelo. Penuxe. Bombóns. Galletas mínimas. Gabardina beixe. Colar de pugas. Dragón rampante. Carmín difuso. Toucador antigo. Lazo tenue. Botóns negros. Liñas. Xaboeira de cuncha. Unicornio. That Night.*

←  
**(LUCÍA  
NOVAS)**  
Luns **25** de febreiro  
20:30  
**ÁGORA**  
www.centroagora.es

**POETAS  
DI(n)VERSOS** 2019  
**Vera Duarte**

CORUÑA  
PRÓXIMA





A escritora e xuíza caboverdiana **Vera Duarte** Lobo de Pina é membro das Academias Caboverdiana de Letras, de Ciencias de Lisboa e Gloriense de Letras, así como Patrona dos Colóquios da Lusofonía.

Licenciada en Dereito, foi Ministra de Educación de Ensino Superior, Presidente da Comisión Nacional dos Dereitos Humanos e a Cidadanía, Conselleira do Presidente da República e Xuíza Conselleira do Tribunal Supremo de Xustiza. Así mesmo integrou organizacións coma o Centro Norte-Sul Conselho d`Europa, a Comisión Internacional de Xuristas, a Comisión Africana polos Dereitos Humanos e dos Pobos, a Asociación de Mulleres Xuristas e a Federación Internacional de Mulleres de Carreira Xurídica. Condecorada polo Presidente da República de Cabo Verde coa Medalla Ordem do Vulcão en 2010 e coa do Mérito Cultural en 2005, recibiu os premios Norte-Sul DH do Consello de Europa, o Tchicaya U Tam´si de poesía africana e o Sonangol de Literatura.

Publicou os poemarios *Amanha Amadrugada* (1993), *O Arquipélago da Paixão* (2001), *Preces e Súplicas ou os Cânticos da Desesperança* (2005), en traducións ao castelán e francés *Ejercicios poéticos* (2010), máis tarde *De Risos & Lágrimas* (2018) e, finalmente, a antoloxía poética *Reinvenção do mar* (2018). Igualmente editou, en prosa, *A Candidata* (2004), *A Matriarca – uma estória de mestiçagens* (2017), o volume de ensaios *Construindo a Utopia* (2007) e o de crónicas *A Palavra e os Dias* (2013).

#### AI SE UM DIA...

*Ai se em Outubro chovesse  
a terra molhasse  
o milho crescesse  
e a fome acabasse*

*Ai se o milho crescesse  
a fome acabasse  
o homem sorrisse  
e a terra molhasse*

*Ai se o homem sorrisse  
a terra molhasse  
a fome acabasse  
e a chuva caísse*

*Ai se um dia...*

*Acordemos camaradas  
As chuvas de Outubro não existem!  
O que existe  
É o suor cansado  
Dos homens que querem*

*O que existe  
É a busca constante  
Do pão que abundante virá*

*Homens mulheres crianças  
Na pátria livre libertada  
Plantando mil milharais  
Serão a chuva caindo  
Na nossa terra explorada*

←  
**(VERA DUARTE)**  
Luns **25** de febreiro  
20:30  
ÁGORA  
www.centroagora.es

**POETAS  
DI(n)VERSOS** 2019

**Lucía Novas**

CORUÑA PRÓXIMA